

**Desvíos nas liñas de transporte urbano e servizos especiais con motivo da etapa da Volta Ciclista a España (domingo 14 de setembro de 2014).**

De seguido relaciónanse os desvíos nas liñas de transporte urbano e os servizos especiais para este domingo 14 de setembro, con motivo da derradeira etapa da Volta Ciclista a España 2014 que terá lugar en Santiago.

Das 11 liñas que prestan servizo os domingos, os desvíos afectarán a 9. Indícanse os itinerarios para cada un dos traxectos.

**Horario:** as restricións de tráfico nesa xornada comezarán sobre as 12:00 e prolongaranse ata as 21:30 (horarios aproximados). No momento en que o tráfico volte á normalidade, todas as liñas realizarán os seus itinerarios habituais.

Durante os desvíos, todas as paradas do transporte urbano poderán utilizarse polos usuarios como paradas alternativas independentemente da liña (todos os autobuses realizarán as paradas solicitadas, pertencen ou non ao seu percorrido habitual, coa excepción dos servizos denominados como especiais lanzadeira).

*Servizos especiais:*

Establécense dúas liñas de servizo especial, cos seguintes itinerarios:

- **SERVIZO ESPECIAL LANZADEIRA RÚA RAMÓN PIÑEIRO – CIDADE DA CULTURA (acceso Sur).**  
Servizo continuado, a partir das 12:00 e ata as 20:00. Punto de saída: rúa de Ramón Piñeiro (lateral do Parlamento de Galicia), directo ata a Cidade da Cultura.  
**Localización da parada para acceder ás lanzadeiras:**
  - Coordenadas 42.873532, -8.5431691
  - <http://goo.gl/maps/CGN3S>
- **SERVIZO ESPECIAL LANZADEIRA: ESTACIÓN DE AUTOBUSES – PRAZA DE GALICIA.**  
Servizo continuado, a partir das 12:00 e ata as 20:00. Puntos de saída: parada do transporte urbano na estación de autobuses e praza de Galicia, parada 410 (Banco de Santander).

---

*Desvíos nas liñas de transporte urbano:*

- **LIÑA 1 (cemiterio de Boisaca – hospital Clínico):**  
**Sentido cemiterio – hospital:** a partir das 12:00, a cabeceira da liña realizarase na rúa das Mulas (cemiterio de Boisaca). Desde ahí, o itinerario será: rúa das Mulas, rúa do Tambre, avda. Cruceiro da Coruña (carril de servizo), rúa dos Irmandiños, rúa García Lorca, avda. de Castelao, rúa Vista Alegre, rúa Salvadas, rúa Galeras, rúa Pombal, cambio de sentido en praza de Galicia, rúa da Senra nº 14 (dirección Sur, parada 599) e itinerario habitual ata o hospital Clínico.

Sentido hospital – cemiterio: itinerario habitual ata rúa da Senra nº 13 (dirección Norte, parada 598), cambio de sentido en praza de Galicia, rúa Pombal, rúa Galeras, rúa Salvadas, rúa Vista Alegre, avda. de Castelao, rúa García Lorca, Camiño dos Vilares, rúa do Tambre, vía La Cierva, rúa José Villar Granjel, rúa das Mulas (cemiterio).

- **LIÑA 4 (As Cancelas - Romaño):**

Sentido As Cancelas – Romaño: inicio habitual por rúa das Cancelas, para desviarse pola avda. Rodríguez de Viguri (dirección Sur), rúa dos Concheiros, rúa da Angustia, rúa de Bonaval, rúa de Valle Inclán (zona de San Roque) e retomando o itinerario habitual na parada de Virxe da Cerca (praza de abastos).

Sentido Romaño – As Cancelas: itinerario habitual ata rúa Virxe da Cerca (praza de abastos) para desviarse por Porta do Camiño, rúa de San Pedro, rúa dos Concheiros, avda. Rodríguez de Viguri e rúa das Cancelas.

- **LIÑA 5 (Vite – A Rocha / Rocha Vella):**

Sentido Vite – A Rocha / Rocha Vella: saída de Vite ata a facultade de Xornalismo (avda. de Castelao), para desviarse por rúa Vista Alegre, rúa Salvadas, rúa Galeras, rúa Pombal e retomando o seu itinerario na praza de Galicia (parada 410, Banco de Santander).

Sentido A Rocha / Rocha Vella – Vite: itinerario habitual ata a praza de Galicia (parada 409, ferretería), para desviarse pola rúa da Senra, rúa Pombal, rúa Galeras, rúa Salvadas, rúa Vista Alegre, avda. de Castelao e finalización do seu traxecto na terminal de Vite na rúa Roberto Vidal Bodaño.

- **LIÑA 6 (San Marcos – Os Tilos):**

Sentido San Marcos – Os Tilos: itinerario habitual ata a parada 385 na rúa Ponte de San Lázaro (Tangueiro), para desviarse por Avda. Gonzalo Torrente Ballester (SC-20, periférico), avda. de Lugo (dirección Norte), rúa Londres, rúa Lisboa, itinerario habitual pola rúa das Fontiñas desde a parada 500 (rúa das Fontiñas nº 51, Monterrey), rúa Fonte dos Concheiros, para desviarse novamente pola avda. de Lugo (dirección Sur), rúa Bernardo Barreiro, rúa Curros Enríquez, rúa do Hórreo, cambio de sentido na praza de Galicia, onde retoma o seu itinerario na parada 410 (Banco de Santander).

Sentido Os Tilos – San Marcos: itinerario habitual ata a rúa das Fontiñas (Monterrey), para desviarse por rúa Lisboa, rúa Dublín, acceso á avda. de Lugo (rotonda sobre o periférico) e cambio de sentido, avda. Gonzalo Torrente Ballester (SC-20, periférico) en dirección Norte, e retomando itinerario na rúa Ponte de San Lázaro (Tangueiro).

En canto ás prolongacións que realiza esta liña os domingos, quedarán suprimidas as seguintes:

- Saída de San Marcos pasando por Amio, 18:00.
- Entradas á estación de autobuses: non se realizarán ata que a liña recupere o seu itinerario habitual, a partir das 21:30 aproximadamente.

- **LIÑA 7 (rúa de Valle Inclán - Aríns):** Sen desvíos, percorrido habitual.

- **LIÑA 8 (Vidán – Camiño dos Vilares / tanatorio de Boisaca):**

Sentido Vidán – C. Vilares / tanatorio: itinerario habitual ata a rúa da Senra nº 13 (dirección Norte, parada 598), cambio de sentido na praza de Galicia, rúa Pombal, rúa Galeras, rúa Salvadas, rúa Vista Alegre, avda. de Castelao, rúa García Lorca e itinerario habitual por Camiño dos Vilares.

Sentido C. Vilares / tanatorio – Vidán: itinerario habitual ata avda. de Castelao, para desviarse por dita avenida en dirección de baixada, rúa Vista Alegre, rúa Salvadas, rúa Galeras, rúa Pombal, cambio de sentido na praza de Galicia, rúa da Senra nº 14 (dirección Sur, parada 599), rúa Pombal e itinerario habitual pola rúa Poza de Bar ata Vidán.

- **LIÑA C2 (circular est. autobuses – Fontiñas – hospitais – Vite – est. autobuses):**

A liña C2 verá modificados os seus horarios de saída da estación de autobuses, sendo a partir das 12:00 os seguintes: **12:15 13:35 15:00 16:20 17:40 19:00 20:15 e 21:15.**

O seu percorrido será o seguinte:

Estación de autobuses, avda. Rodríguez de Viguri (dirección Sur) e cambio de sentido en rotonda de Concheiros, avda. Rodríguez de Viguri (dirección Norte), avda. do Camiño Francés, rúa Monte dos Postes, rúa Lisboa, rúa Berlín, e desde aquí itinerario habitual por RENFE, hospitais, rúa Rosalía de Castro, avda. Xoán Carlos I ata avda. Castelao.

Desde a avda. de Castelao, realizará un treito sen servizo por García Lorca, Camiño dos Vilares, SC-20 periférico, avda. de Lugo e avda. Rodríguez de Viguri para posicionarse novamente na parada de urbanos da estación de autobuses.

- **LIÑA C11 (circular de Fontiñas):**

Esta liña modificará o seu percorrido no barrio de Fontiñas e no Camiño Francés (centro comercial), tanto en dirección centro cidade como na volta cara o C.C. As Cancelas.

A parada principal do centro comercial As Cancelas quedará suprimida (parada 150), realizando os autobuses da liña a espera na parada 153 (avda. do Camiño Francés, cruce rúa Monte dos Postes), na outra beirarrúa e despois da rotonda.

O seu percorrido será o seguinte:

**-Ida:** avda. do Camiño Francés (C.C. As Cancelas) parada 153, rúa Monte dos Postes, rúa Lisboa, rúa Berlín e itinerario habitual cara o centro da cidade.

**-Volta:** desde praza de Galicia, itinerario habitual por Virxe da Cerca, San Pedro, Concheiros, rúas Berlín e Lisboa, para desviarse cara rúa Londres (dirección avda. de Lugo), avda. de Lugo, avda. Rodríguez de Viguri e finalización en parada 153 (avda. Camiño Francés, cruce rúa Monte dos Postes).



- **LIÑA P1 (est. autobuses – Figueiras – Folgoso):**

Esta liña cambiará a súa parada inicial da estación de autobuses pola rúa Valle Inclán (dársenas do colexio La Salle), deixando sen realizar as paradas de est. autobuses, Anxo Casal, Santa Clara e San Roque. O resto do seu itinerario non se verá alterado.

- **LIÑA P2 (est. autobuses – Ortoño):**

Esta liña cambiará a súa parada inicial da estación de autobuses pola rúa Valle Inclán (dársenas do colexio La Salle), deixando sen realizar as paradas de est. autobuses, Anxo Casal, Santa Clara e San Roque. O resto do seu itinerario non se verá alterado.

- **LIÑA P3 (rúa de Valle Inclán – Santa Lucía – Susana)**: Sen desvíos, percorrido habitual.

Para calquera consulta ou información adicional, teñen á súa disposición o teléfono de información do transporte urbano, con información a tempo real do estado do servizo, **901 12 00 54**; a páxina web [www.tussa.org](http://www.tussa.org); así como os perfís “maisbus” en Facebook  e Twitter .

Pregamos desculpen as molestias que estas alteracións lles podan ocasionar.